

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/07/2019 13:41:28


SAIDA

8295/19




Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 087/2019**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 28 de Maio de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 1 de xullo de 2019, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou un escrito no Consejo de Transparencia y Buen Gobierno o 27 de maio de 2019, que foi remitido polo dito Consejo por non ser da súa competencia, tendo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 28 de maio de 2019, de reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a falla de contestación a súa solicitude de copia da Resolución presidencial do 19/01/2012, referida á creación da Comisión mixta formada por persoal do Servizo de Patrimonio documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra e o OAL Museo de Pontevedra para levar a cabo as funcións de unificación e integración de arquivos e bibliotecas, Informe da bibliotecaria do Organismo Autónomo Local Museo de Pontevedra do 24/02/2012, propoñendo un proceso técnico de expurgo de certos fondos, documento adxunto ao anterior informe, que recolle un listado exhaustivo das publicacións obxecto de expurgo e Resolución presidencial do 01/03/2012, ditada pola presidenta executiva do OAL Museo de Pontevedra, autorizando o proceso de expurgo da Biblioteca do OAL Museo de Pontevedra.

Segundo. Con data do 3 de xuño de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Deputación Provincial de Pontevedra para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 5 de xuño de 2019.

Terceiro. Con data 21 de xuño de 2019 a Deputación Provincial de Pontevedra contesta a petición remitindo copia da Resolución Presidencial n2 00515 de 19/01/12 de nomeamento dunha comisión mixta de persoal do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación e o O.A.L. Museo de Pontevedra para levar a cabo as funcións de unificación e integración de arquivos e bibliotecas, copia do oficio da Asesoría Xurídica de 7/06/19 solicitando da Secretaría Xeral a cumprimentación da petición desa Comisión, copia de informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico de 12/06/19 e copia do informe da xefa de Sección do Museo de Pontevedra.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Deputación Provincial de Pontevedra non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O reclamante solicitou á Deputación Provincial de Pontevedra a obtención de copia de determinada información referente a o proceso de unificación, integración e expurgo de arquivos e bibliotecas do ente provincial, información que considera pública e á que o interesado ten dereito de acceso. Ao non recibirse a resposta en prazo, o presente recurso promoveuse contra a desestimación presunta da solicitude, de conformidade co disposto no artigo 27.5 da lei 1/2016.

A pesar de que a Deputación Provincial de Pontevedra non remitiu o informe sobre a reclamación solicitado, senón que simplemente se limita a remitir copia do expediente, dos documentos remitidos se deduce que da documentación solicitada polo interesado, unicamente se puido atopar a Resolución presidencial de creación da Comisión mixta, non constando nin na Deputación Provincial de Pontevedra nin no Museo de Pontevedra, o Informe da bibliotecaria do Organismo Autónomo Local Museo de Pontevedra solicitado, o documento adxunto ao anterior informe, que recolle un listado exhaustivo das publicacións obxecto de expurgo e Resolución presidencial do 01/03/2012 autorizando o proceso de expurgo da Biblioteca do OAL Museo de Pontevedra, a pesar de que o reclamante fai constar as datas dos documentos solicitados, o que deberían facilitar a súa localización.

De acordo co anterior, procede a estimación da reclamación presentada polo interesado, debendo a Deputación Provincial de Pontevedra facilitar a documentación atopada, sen prexuízo de que no momento no que se localicen o resto dos documentos solicitados, se remitan ao interesado.

A Deputación Provincial de Pontevedra non resolveu a solicitude de acceso á información do interesado, polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei

19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA


Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 28 de maio de 2019, contra a denegación, por silencio administrativo da súa solicitude de obtención de copia de determinada información referente a o proceso de unificación, integración e expurgo de arquivos e bibliotecas do ente provincial.

Segundo: Instar a Deputación Provincial de Pontevedra, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita ao interesado copia da Resolución Presidencial do 19/01/2012, e no momento no que se atope, o Informe da bibliotecaria do Organismo Autónomo Local Museo de Pontevedra do 24/02/2012, e Resolución Presidencial do 01/03/2012, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Deputación Provincial de Pontevedra, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada ao reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2019



Milagros Otero Parga

Milagros Otero Parga
Presidenta da Comisión da Transparencia